

Unha nota previa:

O texto contido neste pdf é o utilizado por AFP na conferencia, sen modificación ningunha. Como está escrito para ser lido, e non para publicarse, non se acomoda aos criterios que rexen para a escrita formalizada. Do mesmo xeito, tampouco non aparecen nel os engadidos e comentarios espontáneos que AFP foi intercalando ao longo da sesión.

A CONSTRUCCIÓN DO LECTOR ("AGORA ENTRAMOS NÓS")

Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
Santiago de Compostela, 8 marzo 2013

1. INICIO

-- O meu agradecemento á Asesoría de Bibliotecas Escolares por esta invitación. Para min é unha honra poder estar hoxe aquí, con todas e todos vós: as persoas responsables da vitalidade das bibliotecas e da promoción da lectura nos centros educativos de Galicia enteira.

-- Debo comezar confesando que teño a sensación de pechar un círculo. Participei na primeira edición destas Xornadas, no ano 2005 en Sanxenxo. E fágoo hoxe coa certeza de que é moi improbable que volva intervenir no futuro diante de vós.

A miña saúde non é boa, e resúltame fatigoso facer actividades coma esta, xa non teño a enerxía de antano. Mais aceptei a invitación porque me apetecía, e tamén porque me permitía darvos as grazas a todos cantos vos puxestes en contacto comigo nestes últimos tres anos pedíndome que fose ao voso centro e vos tiven que dicir que non, pola razón que veño de expoñer.

-- Hoxe non debes agardar de min ningunha disertación orixinal. Hai tempo que perdín o contacto coas investigacións sobre a promoción da lectura. No meu estado, son consciente de que non podo abranguer moitos ámbitos e debo limitarme aos que me producen maior satisfacción persoal. Ademais, xa hai case seis anos que me xubilei e, por forza, o contacto cos rapaces e rapazas vai quedando atrás.

-- «A construción do lector.» É un tema ben xeitoso, este que se me propuxo. Primeiro, porque nel cabe todo, e permíteme falar daquelas facetas que máis me apetezan. Que sempre serán só unhas poucas, porque o tema é inabarcable e hai moitas máis que ficarán sen tratar. Nin sequera me deterei moito en ningunha delas, esta vai ser só unha ollada a voo de paxaro.

E segundo, porque me vai permitir ir mesturando dous fíos condutores, como se fosen as dúas hélices do noso ADN. Unha delas, máis concreta, falar da construción do lector que mellor coñezo, este Agustín que tedes diante. E outra, máis abstracta, expoñer as ideas esenciais sobre ese proceso que chamamos “a construción do lector”. Ideas incuestionables, certezas que xa son aceptadas por todas e todos nós, mais que nunca vén mal reiterar

-- E se non nos chega o tempo? Traes moitos papeis, Agustín! Se non chega, tanto ten. Todo o que diga sempre será moi pouco comparado co que habería que dicir.

2. NACEMOS NUN TEMPO E NUN LUGAR

Todas as persoas nacemos nun lugar e nun tempo. Nacemos nunha familia, e esa familia está integrada nunha comunidade, ou en varias, porque haberá diversas pertenzas que se mesturen ou solapen.

Non se vos ocultará que, en canto a comunidades, ten unha relevancia especial a comunidade idiomática, e máis no caso galego. Pero hoxe non será este o eixo central do que diga, porque entón sería unha intervención diferente.

Volvamos logo á familia, e deixemos en segundo plano por un momento as linguas que falan os seus membros e os usos –diglósicos ou non– que fan delas.

Pódese nacer nunha familia sen dificultades económicas ou nunha familia que viva nunha situación, máis ou menos intensa, de pobreza. Mesmo podería ser nun dos dous millóns de fogares que en España teñen todos os seus membros no paro.

Pódese nacer nunha familia con inquietudes culturais. Ou nunha familia que, cando menos, valore o saber. Ou pódese aterrar nunha familia que, máis alá de que posúa cartos ou non, ignora ou despreza o saber e a cultura.

Así que podemos nacer nun fogar con libros e con outros produtos culturais. De ser así, o habitual vai ser que nesa casa os seus membros lean.

Ou pode ser un fogar onde apenas hai libros, mais valórase a súa importancia. Se cadra os seus membros non len, pero gustaríalles facelo e intentan que os seus fillos o fagan. Ou nunha casa onde non hai libros nin existen as condicións básicas para a práctica da lectura.

Cantas variables! Cando unha nena ou un neno aterran neste mundo van ver condicionada a súa vida por esta contorna familiar. Á que sempre haberá que lle engadir a contorna social en que se mova, con ou sen equipamentos

culturais, coa mesma lingua da casa ou con outra diferente. Así que non nos estrañemos nunca das grandes diferenzas que atopamos no noso alumnado. As diferenzas obedecen tamén a moitas outras razóns, ben o sabemos, mais a familia xoga un papel fundamental. O futuro lector xa agroma obstaculizado ou favorecido polo fogar que lle tocou en sorte.

3. NACÍN NUN TEMPO E NUN LUGAR

A paisaxe da miña infancia era a de Vilalba nos grises anos cincuenta. Unha sociedade onde o paso das estacións marcaba o ritmo da vida: os labores comunais, os xogos infantís, o ciclo das colleitas. Un anaco da Galicia de posguerra sobre o que planaban os medos e os silencios, algo que daquela eu ignoraba.

Meu pai, carpinteiro e músico, era un vicioso da lectura. Érao como algúns dos seus irmaos. De onde lles viña o gusto pola lectura naquel contexto ermo? Supoño que do meu avó paterno, igual que a música que todos sabían e practicaban, mais eu non cheguei a coñecelo e non podo acreditarlo.

Había libros na casa, pero poucos. Catro ou cinco dúcias deles, para os que meu pai fixera un andel con dúas baldas. Eses libros serviron para que nos contaxiase aos meus irmaos e a min o pracer e a ansia de ler. Os mesmos libros que despois lemos xa pola nosa conta, algúns repetidas veces: *A illa misteriosa*, *As aventuras do Capitán Hatteras*, *Viaxe ao centro da Terra*, *Os tigres de Mompracén*, *Narración de Arthur Gordon Pym*, *Os crimes da rue Morgue*, *O escaravello de ouro*, *Diario de Adán*, *Quo Vadis...* Unha riqueza, canto deron de si aqueles vellos volumes! Xa o contei en moitos sitios, dáme reparo repetilo aquí, coma un revivido abuelo Cebolleta.

E había tebeos, moitos! O cine dos pobres. Nun libro de hai pouco, *O rastro que deixamos*, falo con largueza da miña relación con eles. Foron unha influencia moi poderosa, que me alcanza ata hoxe.

E debía de haber algúns contos especificamente infantís, porque o primeiro libro que lembro é unha versión troquelada de *El lobo y los siete cabritos*. Daquela aínda non sabía ler e, como o aprendera de memoria, pasaba as páxinas xusto

cando correspondía, algo moi útil para aparentar unha inexistente habilidade lectora diante das visitas. E iso, aínda que eu non o lembro, quere dicir que houbo alguén que mo leu ben de veces, senón nunca podería aprendelo así. Miña nai, meu pai, miña irmá? Non o sei, a miña memoria non chega ata ese punto.

E estaban as narracións orais, xa adiviñades que falo de tempos idos. Por que lembro sempre á señora Xenerosa, a Capadora? Unha muller que vivía soa, miserablemente; o home, o capador, morrera afogado. E ela viña quentarse á casa da miña avoa, que tamén era a nosa. Ao pé da lareira, e logo ao redor da cociña de ferro. Moito me deberon fascinar as súas historias para que as lembro unha vez e mais outra. E as do señor Celestino, e as do meu tío Pepe... Había xente iletrada tocada coa maxia da literatura!

4. A NECESIDADE DE HISTORIAS

Doris Lessing, a autora d'*O caderno dourado* (e que ben, citala hoxe, neste 8 de marzo), escribiu:

«Estou convencida de que valoramos o xénero narrativo porque o modelo está no noso cerebro. Os nosos cerebros están deseñados para a narración.»

E engade o gran Emili Teixidor, que tanto nos apreciaba:

«Somos animais de palabras. A literatura proporciónanos as palabras: precisas, exactas e xenuínas que nos ordenan, que nos curan, que nos expresan e nos humanizan.»

«O que necesito é que me conten historias, tardei moito tempo en sabelo», confesa o protagonista de *Molloy*, a novela de Samuel Beckett. Medio século despois, na entrega dos Premios Príncipe de Asturias, Paul Auster afirmaba que «necesitamos historias case tanto coma o comer, e sexa cal sexa a forma en que se presenten –na páxina impresa ou na pantalla da televisión-- resultaría imposible imaxinar a vida sen elas». E haberá un ano, Juanjo Millás escribiu que «desde que o mundo é mundo, mentres uns amasan o pan que comemos pola mañá, outros tecen as historias que devoramos pola noite. Estamos feitos de pan e de novelas».

Esta mesma idea atopámola tamén nas lúcidas palabras que Álvaro Cunqueiro escribiu en 1963, no breve ensaio *Imaxinación e creación*:

«O propio dun escritor é contar claro, seguido e ben. Contar a totalidade humana, que el pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas

miradas. E se hai algo que estea claro nesta dieta, é que o home precisa, coma quen bebe auga, beber soños.»

Cunqueiro, Auster, Beckett, Millás... É a mesma idea reiterada unha e outra vez. Como comer, como beber auga, como o pan de cada día: imaxes luminosas para explicar que todas as persoas necesitamos historias, que todas temos sede de palabras: é coma se fose unha característica inscrita no ADN da humanidade.

Precisamos as historias para entender o mundo e para entendernos; para vivir outras vidas, para marabillarnos de todo o que a existencia nos dá. O soporte privilexiado para chegar a elas está nos libros, que conteñen os soños, as ideas, a imaxinación, os sentimentos e experiencias das persoas, das que viven agora en calquera lugar do mundo e das que desapareceron hai moitos anos.

Dirédesme que os medios xa nos ofrecen cada día un menú desmesurado delas, desde o drama dos desafuzamentos ata o terror que impón a voracidade capitalista, pasando polas comedias esperpénticas, coma a do *Códice Calixtino* ou os papeis de Bárcenas.

Porén, isto aínda fai máis evidente a necesidade das historias que nos brinda a creación. Esas que nacen dunha ollada orixinal e subxectiva, e que nos permiten explorar e entender as vidas e os feitos aos que o relato da realidade nunca poderá chegar.

Con Jostein Gaarder, o autor desa marabilla que é *O enigma e o espello*, conclúo este repertorio de citas:

«A conciencia humana posúe unha estrutura absolutamente épica ou narrativa. Así está conformada e foi sempre desde a aparición do primeiro mito ou relato de cazaría. (...) Non necesitamos aprender a respirar. Non necesitamos lembrarlle aos nosos corazóns que deben latexar. Tampouco necesitamos aprender a escoitar bos contos, e moito

menos a contalos nós mesmos. O conto é unha forma de comprensión característica dos seres humanos e, como tal, prevalece por sobre toda diferenza cultural.»

5. AGORA ENTRAMOS NÓS

E que ocorre cando na familia hai escasa presenza de narracións, de ficción? Cando ninguén conta contos, cando ninguén os le en voz alta, e tampouco non hai libros aos que acudir. Que ocorre se non existe outra cousa que as ficcións que chegan a través da tele? Como facer cando os pais regresan derreados á casa, cando as urxencias da vida diaria se impoñen por riba de todo?

Neste momento lémbrome do disco que Bibiano publicou no 1976, *Estamos chegando ó mar*. Bibiano era un dos que daquela se chamaban “Voces Ceibes”, os cantautores galegos que tan importantes foron na fin dos sesenta e na década dos setenta.

Unha das cancións dese disco, que era coa que sempre iniciaban el e Benedicto os seus recitais, era “Agora entramos nós”. Se cadra, alguén a lembra; se non, buscade no Youtube, que a tedes alí.

E por que a lembro aquí, neste intre?

Pois polo verso que se repite ben de veces na canción: **Agora entramos nós.**

Nós: as e os docentes.

Nós imos ser quen vaiamos encher ese baleiro do que falei hai nada, esa carencia coa que os nenos e nenas nos veñen do seu fogar. Para compensalo, **agora entramos nós.**

É lóxico que sexa así, porque entre os obxectivos básicos do sistema educativo está a adquisición da competencia comunicativa. Lembrámola? Dúas capacidades ligadas á oralidade: Comprender e Falar. E outras dúas ligadas á alfabetización: Ler e Escribir. Elas xuntas constitúen a competencia comunicativa: un dos obxectivos básicos do noso traballo como ensinantes.

E se non somos uns reaccionarios, e as persoas que estamos aquí non o somos, aceptaremos que hai ademais unha función esencial: a escola como correctora das desigualdades sociais.

Se cadra, este á o momento de dicir por vez primeira a palabra *mediadores*.

Pois para que se produza o encontro entre os nenos e nenas e os libros, son imprescindibles as e os mediadores, as persoas que fan de canle para que ese encontro sexa posible. Na casa, xaora. Pero tamén nas aulas. E no contorno social, onde están as librarías e as bibliotecas.

«Un neno, un mozo, teñen dereito a se converter en lectores», --escribe María Teresa Andruetto, a arxentina que mereceu o Premio Andersen o pasado ano--.

«Pero ese dereito, se é que de verdade llelo queremos conceder,

inclúe ocasións e espazos de encontro,

moitas ocasións e moitos e persistentes

e continuados espazos de encontro

(cantidade, persistencia e continuidade que, por outra banda, só é posible con mediadores capacitados e en proxectos a longo prazo, nunca en accións puntuais que só logran mentireiros efectos mediáticos.»

Que máis vou dicir! Nestas breves e luminosas palabras de María Teresa Andruetto está a semente de todo o programa de traballo que nos corresponde facer nas aulas, e na biblioteca, e na totalidade do centro:

-crear e ofrecer ocasións e espazos de encontro para o acto de ler

-en cantidade / persistentes / con continuidade

-con mediadores capacitados

-dentro dun proxecto a longo prazo

Non se pode abranguer máis con menos palabras!

Este é o camiño necesario para alimentar a fame de historias, a fame de palabras, a fame de libros.

E se non hai esa fame?

Pois, como antes dixeran, **agora entramos nós**. Os e as docentes, os mediadores no sistema educativo.

Nós imos ser quen vaiamos espertar esa fame. É unha das funcións esenciais do ensino. E máis se cremos na escola como correctora das desigualdades sociais.

Escribe Aidan Chambers, ese home ao que tan próximo me sinto, pois, sen coñecérmonos e sen nos ler previamente, temos escrito moitas propostas semellantes:

«Nas nosas sociedades, a escola é o lugar onde a gran maioría dos nenos se converten en lectores,
onde todos os nenos deben estar nun ambiente de lectura
e onde deben encontrar adultos capaces de axudarlles a medrar converténdose en lectores literarios profundos e para toda a vida.
Se realmente queremos facer algo que teña un efecto amplo e permanente sobre a promoción da lectura debemos concentrarnos nun adestramento de profesores e bibliotecarios, e na creación dun ambiente de lectura en toda a escola, acompañado por unha ampla provisión de libros.»

O mesmo programa de M^a Teresa Andruetto, xa o vedes.

O mesmo que atoparedes noutros autores, porque os camiños nucleares xa están abertos por outra xente e só hai que transitar por eles e melloralos no que sexa posible, en función do tempo e do lugar onde traballemos.

6. UN NENO NAS AULAS

No que se refire á lectura, a miña fortuna escolar foi escasa. Na escola da Vilalba dos anos cincuenta case non había libros. Só uns poucos, vellos e gastados, enclaustrados nun armario coas portas de vidro. Dun deles había bastantes exemplares repetidos e nel liamos en voz alta case todas as tardes. Chamábase *Escudo Imperial* e contiña unha visión delirante da historia de España que rebordaba ideoloxía por todas as páxinas. Non o volvín ler desde aquela, pero aínda hoxe podoo recitar anacos de memoria, vestixios da época que me acompañarán mentres viva.

Mentres estaba eu, tamén chegaron os *Episodios Nacionales*, de Galdós, dos que ás veces don Félix nos lía algúns anacos.

Había, iso si, un tráfico intenso de tebeos, no recreo e á saída.

De libros, eu ía abastecéndome na casa, e a través dos textos escolares dos meus irmáns, que eran maiores. Lembro sobre todo unha escolma de lecturas que meu irmao Luís utilizara no Seminario. Canto non lin nela!

A orixe, a forza motriz estaba na casa. Non na escola. Aínda que se cadra son algo inxusto, porque don Félix estimulaba a miña pulsión creativa, no canto de ma reprimir, como fixeran outros.

Aos libros da casa, sumábanse algúns outros. Un veciño agasalloume con *El Libro de las Tierras Virgenes*, de Kipling. E na casa de meu tío Sé había un baúl cheo de libros, que ás veces ía explorar con algúns dos meus curmáns. E logo estaba o señor Crende, o encadernador amigo do meu pai, do que xa falei noutros lugares.

--Logo, aos 14 anos, marchei interno para a Universidad Laboral de Xixón. Alí estiven sete anos, ata os vinte e un. E si, alí había bibliotecas, un gozo para alguén con fame de libros. Nese curso dos 14 anos, é obrigado que lembre ao

Padre Gorrochátegui, o xesuíta que nos daba clase de lingua e literatura. Dou por sentado que a miña memoria mitifica os feitos, porque é seguro que moitas serían sesións rutineiras, pero así é como lembro as súas clases: o profesor entraba na aula cun groso libro (logo souben que era un tomo das obras completas de Rudyard Kipling; haberá uns dous anos merquei un igual nunha librería de vello), agardaba a que os corenta adolescentes calásemos e comezaba a ler. Case sempre era un relato que ocupaba a clase enteira, un deses contos onde Kipling combina tan ben a aventura, o misterio e, en ocasións, o medo. Todos os da aula gardabamos silencio, fascinados polas palabras de Kipling, e non era raro solicitarmos unha prolongación do tempo da clase para saber como acababa o relato daquel día.

Co paso dos anos, sigo a lembrar con nitidez aquelas clases e podo asegurar que tiveron un papel importante na consolidación do meu desexo de ler.

Máis tarde, xa como profesor, eu tamén puider vivír experiencias semellantes, como as que coñecen ben os docentes que fan da lectura un eixe esencial das súas clases. Aí había un engado infalible, sobre o que volverei máis adiante: a lectura en voz alta.

E rematemos este apartado con Gianni Rodari, que dá vergonza comprobar que aínda non saíu aquí:

«O encontro decisivo entre os nenos e os libros prodúcese nos pupitres da escola. Se se dá nunha situación creativa, na que o que conta é a vida e non o exercicio, o resultado será o gusto pola lectura, co que non se nace, porque non é un instinto. Se se produce nunha situación burocrática, se o libro é reducido a instrumento de exercitación (copias, resumes, análises gramaticais) poderá nacer a técnica da lectura, pero non o gusto. Os nenos poderán ler, pero só o farán se se senten obrigados a iso.»

7. A CONSTRUCCIÓN DO LECTOR

Non desexo caer aquí en exposicións teóricas, xa o dixen ao primeiro; para iso están os moitos libros que abordan este tema crucial. Entre nós, explicouno moi ben Miguel Vázquez Freire. E os variados traballos de Teresa Colomer son luminosos e imprescindibles para quen desexe saber algo sobre ese proceso delongado que é a construción do lector.

Eu sigo aquí, porque era o que tiña a man mentres preparaba estas notas, as etapas que Emili Teixidor distingue nun dos seus traballos. As idades que cita, xaora, son só referenciais: sabemos ben que cada neno é un mundo e os itinerarios lectores son sempre individuais.

Na etapa de formación dun lector pódense distinguir polo menos cinco banzos.

O banzo inicial é o do primeiro lector, ata os 6 anos, en que máis que ler contos, escóitao cando llos len.

O segundo banzo sería o do lector plenamente infantil, progresivamente autónomo, entre os 6 e os 12 anos, cando a lectura enche a súa necesidade de imaxinarse a si mesmo como personaxe principal con autosuficiencia para resolver problemas.

O terceiro banzo sería o que vai dos 12 aos 17 anos. O lector adolescente, onde agroma o sentimento de ser único. Onde se esperta á sexualidade, onde se experimentan os primeiros amores. E onde se vive a necesidade da pertenza ao grupo, e a gran traxedia pode vir de non ser aceptado polos compañeiros.

Esta é unha etapa decisiva para a lectura. Ao final dela é cando o lector se detén no proceso ou segue adiante. Sobre isto, Teixidor ten un artigo

imprescindible: moitos lectores non pasan nunca desa etapa, fican cos libros que ofrecen entretemento e que foxen das complexidades. Nesta etapa quedaron moitos lectores que hoxe son adultos; e está ben, xa é un logro estimable, pero non nos podemos conformar con iso.

O cuarto banzo é aquel en que o lector se converte xa en intérprete, pasa do texto transparente ao texto problemático. Cando se decata de que outros lectores atopan diferentes significados ao ler o mesmo texto. Cando comprende que a lectura é un pracer difícil, que esixe esforzo, mais que nunca deixa de nos recompensar.

Se segue adiante, entón chega a converterse nun bo lector, nun lector adulto e pragmático. Se é que iso se consegue algún día, porque o itinerario lector dura tanto coma a nosa vida.

E non necesito sinalar que cada unha destas etapas precisa de libros específicos, dunha metodoloxía propia e de actividades axeitadas. O docente xoga un papel distinto en cada unha delas. Distinto, mais sempre esencial.

8. A LECTURA EN VOZ ALTA

A forma máis sinxela, e a máis eficaz, para espertar o gusto pola lectura é abrir un libro que conteña un texto poderoso e ler en voz alta. Non se precisa máis, todo é tan sinxelo como beber auga.

Poe riba, é o xeito mellor e máis agradable de presentar calquera texto literario a calquera grupo de xente, independentemente da idade.

Cando os nenos e nenas son pequenos, é imprescindible que as persoas adultas lles contemos ou leamos os contos en alta voz. Sabemos que, a medida que os nenos e nenas medran, cómpre ir consolidando tamén neles o pracer da lectura persoal. Pero, contra o que ás veces se pensa, a necesidade e o pracer de escoitar contos non desaparece co abandono da infancia (velaí o éxito dos "contacontos" entre o público adulto). De aí que debamos facer compatible a consolidación da capacidade lectora autónoma dos nenos coa continuidade da narración en alta voz pola nosa parte.

Exprésao moi ben Ana Garralón nunha das entradas do seu blog:

«A lectura en voz alta permite aos máis novos acceder a lecturas que por si mesmos non poderían ler pois trátase de textos máis complexos e ricos en vocabulario.

O que escoita recibe o ritmo do idioma, a riqueza da linguaxe, os seus silencios. O que le, pouco a pouco, aprende a práctica de entoar, de marcar os suspenses, de interpretar as palabras dun texto. É un agasallo mutuo: o que le e o que escoita. (...)

Quen recibiu o agasallo dunha lectura en voz alta sabe o que significa. Ler en voz alta axuda a crear lectores e crea vencellos sociais e afectivos difíciles de esquecer.»

Pola miña experiencia, sei que aos adolescentes lles encanta escoitar a lectura dun texto que engaiole. E aquí, é seguro que todas poderíades contar experiencias magníficas neste sentido. Pois ben: non ten por que ser algo esporádico. Uns minutos da clase para ler algo en voz alta nunca, nunca, será unha perda de tempo. Todo o contrario!

«Os bos contos son como os virus» –dinos Jostein Gaarder--: «disemínanse con facilidade e mesmo poden ser incrivelmente contaxiosos. Non existen vacinas nin vitaminas eficaces para contrarrestar os efectos dun bo conto. Nin sequera a realidade -a televisión ou os vídeo xogos- pode reprimilos. Un conto orixinal xa creou anticorpos contra cousas semellantes. Por iso dicimos que un bo conto nos engaiola.»

E ti, Agustín, tiveches bos mediadores?

Tiven ao meu pai, inesquecible, nel está a raíz de todo: da miña ansia lectora e do meu traballo de escritor.

Docentes, tiven poucos, xa o dixen: aqueles non eran bos tempos para a lectura. E logo tiven algúns amigos, iso si, que cumpriron un papel imprescindible. Citarei aquí dous: Lois Mastach, con quen fixen as Milicias e me emprestou libros imprescindibles. E Xesús González Gómez, en Barcelona, que me abriu tamén novos camiños.

9. QUE LEAN!

Volvo outra vez ás palabras de Emili Teixidor, o autor de *Pa negre*:

«Preocupámonos de que os mozos lean... calquera cousa mentres lean. Eu creo que é un erro e que se lles debe esixir ao máximo e non aforrarlles esforzo ningún. Para convertelos en lectores sen máis xa está a industria cultural e as rebaixas constantes de calidade. Institucións como a escola están para levalos moito máis alto.

»Todos os que amamos os libros e confiamos na capacidade única da palabra para elevar a civilización das xeracións, debemos ofrecer textos espléndidos para atraer os mozos ao uso desa arma de ordenación e expresión, de pensamento e sanidade, que é a palabra, a novela, o ensaio, a poesía.»

É certo que «o verbo ler non soporta o imperativo», como ben nos lembrou Pennac en *Como unha novela*. Mais a nosa sociedade asígnalle ao sistema educativo o obxectivo de desenvolver a competencia lectora no alumnado, o que leva aparellado que, dalgún xeito, tamén apareza como unha “obriga”.

A superación desta aparente incompatibilidade entre liberdade e obriga está en como facelo. Sobre isto hai moitos camiños que teñen demostrada a súa eficacia (e outros que non e que afastan os alumnos da lectura, e que algunha xente segue teimando neles).

O segredo está en motivar, entusiasmar, contaxiar o gusto pola lectura. Algo que, necesariamente, debe facerse con “libros que fan lectores”, eses títulos que teñen demostrada a súa calidade e a súa eficacia.

Considero ao docente como un mediador imprescindible que ten a función de crear vías para facilitar o encontro entre o alumnado e os libros.

Non me vale a postura de prescribir só un número reducido de títulos, por moi interesantes que sexan, agás que se vaia facer un traballo específico con eles.

E moito menos me vale a contraria, exemplificada nesa frase de que “o importante é que lean, sexa o que sexa”.

Non podemos deixar que sexa o mercado quen nos imponha o que hai que ler, onte magos, hoxe vampiros, mañá quen sabe. Existe un mangado de libros magníficos que só chegarán ás mans do alumnado se o profesor cumpre o papel de mediador e llelos descobre.

Como o alumnado trae á aula gustos e motivacións diferentes, parece adecuado proporcionar unha variada proposta de lectura, para atender á variedade de intereses e preferencias; e tamén para que cada alumno encontre libros axeitados ao seu nivel de competencia literaria, ademais doutros que lle abran perspectivas novas e complexas.

En resumo: Adquirir unha sólida competencia lectora é un camiño longo, con moitas etapas. E cada etapa ten os seus libros, en función da capacidade de recepción. Unha capacidade que se debe estimular sempre, para que o alumnado se enfrente a novos retos formais e temáticos.

--E daquela, como moi ben se pregunta Aidan Chambers, ¿que facemos co lixo? (el chámalle lixo á literatura que carece de todo valor estético, moral ou educativo).

«Preocuparse polo lixo –di– é unha tarefa estéril. É preferible mil veces dedicar tempo e enerxía a facilitar o encontro dos nenos coa totalidade do valioso herdo literario.

»Cando os nenos abordan a lectura están en condicións de encontrar o seu propio material non literario sen a axuda dos docentes, mentres que para transformarse en lectores literarios si requiren a súa axuda.»

Diante de palabras tan razoables, penso en min. Estoume vendo na adolescencia, cando eu era ese lector voraz e indiscriminado. Cantas novelas de Keith Luger, de Clark Carrados, de Marcial Lafuente Estefanía, de Silver Kane... non deixo lidas! Ducias e máis ducias. E iso alternábase sen problemas cos libros “serios” que caían nas miñas mans. Todo me valía para satisfacer a fame. Aínda que era ben consciente de que **non todo** valía igual.

E non foi só na adolescencia. Aínda hoxe, cando xa vou ben maior, distingo as lecturas que fago: as interesantes e as banais, que me ofrecen distracción e case non deixan pegada en min.

Se cadra este é un bo momento para lembrar a «teoría do iceberg», que adoita atribuírse a Hemingway. En esencia, dinos que todo bo libro é como un iceberg. O que lemos son só as 2/5 partes visibles, pero baixo a superficie ocúltanse as 3/5 partes restantes, a gran masa de xeo que sostén todo o conxunto. Por baixo dun texto valioso discorre un poderoso río subterráneo, que é o que nos deixa pegada, aínda sen sermos conscientes dela.

10. E QUE FACEMOS NAS AULAS?

As aulas son un espazo privilexiado para a promoción e a práctica da lectura, pois constitúen un dos escasos ámbitos aos que a sociedade asigna explicitamente esa función; un ámbito idóneo para adquirir e consolidar a competencia lectora e para fomentar o desexo de ler.

Os docentes convértense así en mediadores necesarios, coa responsabilidade de estimular a curiosidade dos seus alumnos e descubrirlles que os libros son un medio extraordinario para entender a complexidade do mundo e da vida, pois neles están gardados non só os coñecementos, senón tamén a memoria afectiva da humanidade.

Ensinarlles, en definitiva, que os libros nos axudan a entendernos e entender o mundo en que vivimos. E como este é o dobre eixe ao redor do que se articula a formación das persoas, é doado comprender a transcendencia da promoción lectora na práctica educativa.

O traballo coa lectura nas aulas debe ocupar un lugar central, pois está na base de toda a aprendizaxe e xoga un papel moi importante no desenvolvemento persoal. É certo que, ás veces, o contexto non axuda nada (centros con bibliotecas pobres ou infrautilizadas, ensinanza memorística, leis e normas que inducen ao desánimo...). Mais non o é menos que un docente, se quere, pode exercer o labor de mediador en calquera aula, mesmo nas que se atopen no contexto máis hostil.

A promoción da lectura está moi ligada ás concepcións democráticas da sociedade, que implican un desenvolvemento pleno da cidadanía. Desde unha perspectiva individual, son evidentes os beneficios que a lectura reporta: no plano instrumental, é ferramenta imprescindible para acceder a todo o saber necesario para o progreso persoal e académico da persoa; nun plano máis

profundo, ademais do pracer estético, a lectura, sobre todo a literaria, é imprescindible para coñecérmonos mellor e para entender cómo é a sociedade en que vivimos, así como a complexidade da vida e das relacións interpersoais.

Desde unha perspectiva colectiva, a existencia dunha cidadanía lectora é garantía dunha sociedade realmente democrática, onde a liberdade, a crítica e a xustiza non sexan palabras retóricas e baleiras. En palabras de Manuel Bragado, «ler é unha urxente necesidade pública e privada. Un individuo que non le limita as súas posibilidades de apropiarse das claves da linguaxe, indispensables para a construción do coñecemento e a comprensión do mundo. Unha sociedade que non le dabondo arrastra un hándicap que pexa de forma moi seria as súas posibilidades de convivencia política, de crecemento económico e de mellora do seu benestar colectivo, xa que existe unha correlación moi estreita entre índices de lectura e de calidade de vida.»

A expansión das tecnoloxías da información e da comunicación fai aínda máis urxente esta formación lectora, pois a lectura na Rede esixe, cada vez máis, un modelo de lector capaz de discriminar e valorar a inxente cantidade de textos de todo tipo que contén.

Para promover a lectura hai algunhas premisas esenciais: é preciso amar os libros, posuír uns coñecementos básicos da literatura axeitada aos destinatarios da animación e, sobre todo, ter conciencia de que a lectura non é unha actividade secundaria, senón central no proceso formativo das persoas.

En resumo: bos libros, bos mediadores e un consenso básico sobre a importancia da lectura.

11. LER PARA TRANSFORMAR O MUNDO

Ninguén discute hoxe a importancia que teñen a lectura e a escritura na formación de calquera persoa. Trátase de dúas capacidades básicas, imprescindibles para poder desenvolverse na vida con plenitude. De aí que moitas veces se teña dito que a lingua é unha ferramenta de liberdade.

Unha persoa que domina os mecanismos da lingua, que coñece o valor exacto das palabras, que é capaz de falar/ler/escribir dende a súa verdade e expresala con claridade e rigor, non poderá ser manipulada con facilidade. Pola contra, será unha persoa crítica e creativa, capaz de utilizar plenamente as súas capacidades de expresión/comunicación nunha sociedade libre e democrática.

Volvo de novo ás palabras de Aidan Chambers, tan claras e directas:

«O mellor que calquera goberno pode facer, se en realidade desexa axudar á mellora das competencias na lectura, é legislar de xeito que se obrigue ás escolas a proporcionar un período de tempo apropiado todos os días, durante o cal todos lean por si mesmos.

Aqueles que din que as escolas non poden proporcionar tanto tempo todos os días para a lectura porque hai moitas outras cousas que facer, só están dicindo que non cren que a lectura importe moito, que só é un asunto funcional, só unha ferramenta utilizada noutros campos máis importantes do estudo. (...)

A habilidade de interpretar todos os textos con sutileza é a base esencial da nosa vida diaria, sen importar o que facemos para vivir. A lectura literaria trata diso. Ese debe ser o corazón da educación.»

A lectura é unha conquista que esixe tempo e constancia. Por iso a súa promoción ten que formar parte das prioridades estratéxicas de calquera sociedade democrática. É importante que as administracións apoiem dun xeito

decidido leis e medidas que favorezan a biodiversidade cultural, tanto a través do libro de papel como a través da Rede. Por iso é urxente e necesaria esta revolución silenciosa na que tantas persoas andamos embarcadas. A revolución da lectura, imprescindible para conseguir unha sociedade máis democrática, máis xusta, máis feliz.

Hai uns días, diante da estatua de Rosa Parks, Barack Obama declaraba: “Eu estou aquí por ela”. E tiña razón, xaora que si.

Eu sei que os cambios na sociedade sempre son procesos colectivos, mais non esquezo que estes son unha suma de actitudes individuais.

No traballo escolar, moitas veces, non se ven os froitos. E hai ocasións en que parece que todo se esfarela. Sementamos, mais tampouco nos sabemos cando e como agromará esa semente.

Deixádeme que volo diga eu, desde a altura dunha biografía xa cumprida:

O traballo de cada un, de cada unha de vós, é imprescindible. Ha agromar en persoas máis críticas e máis libres, e nunha sociedade máis xusta, e nun florear na cultura galega e na transmisión da lingua.

Sodes sementadores de futuro, amigas e amigos. Aínda que ás veces pareza clandestina, nunca houbo actividade máis importante. E, como nos demostrou Rosa Parks, o que unha persoa fai pode cambiar o mundo. Vós, non o dubides, estades axudando a cambialo.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ